

DECÁLOGO PARA A VOLTA AO COLEXIO

CPR SAN JOSÉ 36006675

26/08/2020

1. Responsabilidade compartida.

A volta ao colexio segura é a responsabilidade de todos: colexio, alumnos, familias e consellarías. É de vital importancia que calquera dos estamentos cumpramos as normas establecidas no Plan de Adaptación a COVID 19.

2. Participación, diálogo e compromiso.

É necesario buscar a participación e o diálogo continua de toda a comunidade educativa marcando as necesidades individuais de cada unha das nosas familias. É preciso deixar atrás todas as diferencias e traballar unidos pola seguridade e a prevención.

3. Coordinación

Ante as sospeitas de síntomas compatibles coa COVID 19 ou en aqueles casos que xa foran confirmados, o colexio e as familias deberán en contacto directo e estable, adaptando as necesidades da actividade docente cara unha actividade non presencial se así o esixe o caso. O centro coordinarase en todo momento con cada familia para seguir cada caso de maneira individual para non causar ningún desfavorecemento educativo.

4. Información e formación

O centro presentará información e formación en todo momento a toda a comunidade educativa para que exista a maior tranquilidade e se exerza responsabilidade segura ante cada situación.

5. Recursos persoais

O centro garantirá en todo momento que todos os recursos persoais estarán a disposición da comunidade educativa durante todo o curso escolar. Tanto docentes como persoal de limpeza do centro estarán pendentes durante todas as xornadas lectivas de que se cumpran as normas establecidas de seguridade e prevención para o centro.

6. Recursos materiais

O centro garantirá en todo momento todos os recursos necesarios para o bo funcionamento do Plan de Adaptación COVID do centro (máscaras, xel hidroalcohólico, papeleiras de pedal, elementos de limpeza e desinfección especiais, alfombras de desinfección,...)

7. Flexibilización

A situación de excepcionalidade require a máxima flexibilización de todos os recursos do centro durante este curso escolar. Será por este motivo que o centro poderá poñer novas normas e crear novas situacións dentro do colexio no momento que se produza algún cambio na situación na pandemia. Sempre se seguirán as consideracións marcadas pola Consellaría de Sanidade e a Consellaría de Educación.

8. Organización

No centro a organización sempre estará supeditada aos puntos anteriores e a necesidade de cambios durante o curso escolar. A organización será a que marque a seguridade dentro do colexio. Esta organización marcará todas as tomas de decisión en canto a horarios, espazos, agrupamentos, actividades complementarias, extraescolares e servizos. Toda a comunidade educativa deberá seguir esta estrita organización de centro para que o curso funcione.

9. Servizo complementarios

O centro adaptará todos os servizos complementarios á situación da pandemia en cada momento. Desenvolveranse as medidas necesarias de seguridade para poder seguir prestando o apoio necesario tanto as familias como ao noso alumnado.

10. Principios básicos

O centro marcará como principios básicos a distancia de seguridade, límite de contactos, uso eficaz das máscaras, extremar a ventilación de espazos, extremar a hixiene de mans, superficies e aulas, axeitada xestión de necesidades individuais e de casos, e por suposto o traballo organizado e cooperativo da comunidade escolar para o achego de seguridade, responsabilidade e tranquilidade dentro deste curso escolar.